

## **BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA FOMENTAR A INVESTIGACIÓN POSDOUTORAL NO CISPAC**

PROGRAMA XAN DE FORCADOS (Xoán López Suárez), de incentivos a investigador@s mozos do CISPAC.

O Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), centro interuniversitario das universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, oferta axudas para desenvolver **catro proxectos de investigación colaborativos** de investigador@s mozos nunha convocatoria interna de concorrencia competitiva dirixida a Postdocs adscritos como investigadores mozos do CISPAC no marco do Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026. Baixo a denominación Xan de Forcados, na honra de don Xoán López Suárez (1880-1970), impulsor das actividades da JAE en Galicia e impulsor, entre outros centros, da Misión Biolóxica de Galicia.

### BASES E CONVOCATORIA

#### PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto das axudas será o de fomentar a investigación colaborativa no marco do CISPAC entre cando menos dúas universidades (Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña) no marco dos campos da axenda científica do centro:

- Paisaxes que teñen xente
- Paisaxes que producen
- Paisaxes que se gobernan
- Paisaxes con patrimonio
- Paisaxes visitadas

A esixida colaboración entre universidades poderá concretarse na forma de I+D+i e co-I+D+i, ambos os dous postdocs do CISPAC, ou na conformación da equipa, na que tamén poderá participar persoal investigador predoutoral do CISPAC ou excepcionalmente persoal investigador permanente (senior) adscrito tamén ao centro.

As persoas beneficiarias desenvolverán o proxecto de investigación como parte das actividades científicas do CISPAC e na mesma forma presentarán os seus resultados intermedios ou finais.

## SEGUNDA. Réxime xeral

O CISPAC convoca, en réxime de concorrencia competitiva, catro proxectos de investigación a desenvolver no Centro. A partida orzamentaria será a que sexa asignada ao CISPAC e a contía máxima establecida será de 4.000 Euros para cada proxecto (ANEXO I)

## TERCEIRA. Características das axudas

Os proxectos de investigación colaborativos que son obxecto destas axudas desenvolveranse no 2026. A xustificación económica tense que realizar con data límite o 31/10/2026, aínda que as tarefas de investigación se poden alongar até o 20/11/2026.

As axudas terán como fin establecer sinerxías colaborativas entre investigador@s, lideradas por persoal investigador posdoutoral do CISPAC, para a realización de proxectos de investigación conxuntos no marco das liñas da axenda científica definidas no Plan estratéxico do Centro, que impliquen a persoal pertencente cando menos a dúas das universidades que integran o CISPAC.

## CUARTA. Requisitos das persoas beneficiarias

Poderán acceder a solicitar estas axudas os e as investigadores/as posdoutorais que cumpran un dos seguintes requisitos<sup>1</sup>:

- a) Ser investigador/a posdoutoral vinculado ao CISPAC na categoría de vinculado "non permanente".
- b) Ser investigador posdoutoral cun contrato no que figure como supervisor un IP vinculado ao CISPAC.

## QUINTA. Incompatibilidades

Ademáis das incompatibilidades xerais establecidas na Lei xeral de subvencións e demais normativa aplicable, a percepción da bolsa será incompatible con calquera outra axuda ou subvención para a mesma finalidade, así como con calquera remuneración en concepto de salario.

## SEXTA. Criterios de selección e adxudicación das axudas.

A ordenación das solicitudes farase de acordo cos seguintes criterios, sobre unha puntuación máxima de 10 puntos:

- a) O CV presentado das persoas candidatas, no que se terán en conta as publicacións, premios e a formación relacionada co obxecto da axuda, entre outros aspectos. Este apartado suporá o 30% da valoración obtida.

---

<sup>1</sup> Por razóns de xustificación e xestión contable vinculadas ao Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026, necesariamente un dos solicitantes debe ser da USC.

- b) O proxecto presentado, tendo en conta a innovación da proposta, a súa coherencia interna e o seu interese académico intrínseco, que suporá o 30% da valoración obtida.
- c) O valor colaborativo do proxecto, xerador de sinerxías no marco do CISPAC, e a metodoloxía e enfoque participativo (ciencia cidadá) do mesmo, consonte ás bases da convocatoria, que suporá o 40%

#### SÉTIMA. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes farase no correo [cispac.direccion@usc.gal](mailto:cispac.direccion@usc.gal), achegando a seguinte documentación:

- **CV normalizado** en formato reducido d@s candidat@s (max. 4 páxinas).
- **Memoria do proxecto de investigación** a desenvolver, especificando os campos onde se vai aplicar a axuda e a equipa coa que conta -ata un máximo de 4 membros- (max. 5 páxinas).

Cada persoa so poderá participar nun proxecto. O proxecto presentado debe ter un carácter estritamente científico. Contará así mesmo cun apartado de orzamento, onde se plasmará a previsión das partidas de gasto.

- **Carta de motivación coa expresión do interese** na obtención da axuda que especifique o sentido da colaboración entre campos e universidades (1 páxina)
- **Declaración responsable** manifestando que a documentación achegada e a información declarada é veraz e comprometéndose a achegar a documentación orixinal no caso de que lles fose requirida en calquera momento do proceso de selección ou durante o goce da axuda.

O incumprimento do requirimento dará lugar á exclusión da solicitude durante o proceso de selección ou ao reintegro da bolsa no caso de que a persoa resultase beneficiaria.

#### OITAVA. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes

As bases e a convocatoria enviaranse ao persoal postdoc e investigador mozo vinculado e colaborador do Centro e publicaranse na web do CISPAC - [cispac.gal](http://cispac.gal)-. O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación na web do CISPAC e rematará aos 21 días naturais a partir do día seguinte ao da súa publicación.

#### NOVENA. Instrución e tramitación do procedemento

O órgano competente para a instrución do procedemento será a Dirección do CISPAC

Á vista das solicitudes presentadas, o órgano instrutor realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución. No caso de advertir que a documentación

presentada é incompleta concederá un prazo de emenda de 3 días hábiles ás persoas solicitantes. De non emendar os defectos nese prazo, procederá ao arquivo da solicitude. Unha vez emendadas as deficiencias que se aprecien nas solicitudes, a Dirección do CISPAC elevará a relación nominal de solicitantes xunto coa documentación á Comisión de Selección.

#### DÉCIMA. Órganos de selección

A Comisión de Selección será a encargada de avaliar as diferentes solicitudes e de emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación, tendo en conta os requisitos xerais establecidos e os criterios de selección e adxudicación previstos na base Sexta.

O informe será remitido á Dirección do CISPAC e recollerá a ordenación de todas as solicitudes presentadas.

A Comisión de Selección será nomeada pola Dirección do CISPAC. Estará formada polo/a Director/a do Centro, que a presidirá, ou persoa en quen delegue, e dous investigadores/as adscritos ao centro con vinculación permanente, dos que un/ha deles actuará como secretario/a por designación do/a Presidente/a. Non poderán ser do mesmo xénero as tres persoas que conforman esta Comisión.

#### UNDÉCIMA. Proposta de resolución

A Dirección do Centro á vista do informe da Comisión de Selección, formulará a proposta de resolución que se publicará na páxina web do CISPAC na segunda semana de xuño de 2026, ademais de informar por correo electrónico aos beneficiarios/as, así como aos proxectos que resultaron denegados. Por tratarse dunha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, a Dirección poderá acordar a publicación da relación de solicitantes que constituirán a lista de agarda para o caso de que existan renuncias das persoas beneficiarias. No prazo de 3 días hábiles desde a publicación da proposta de resolución, as persoas adxudicatarias deberán comunicar a súa aceptación mediante correo electrónico dirixido á dirección do CISPAC ([cispac.direccion@usc.gal](mailto:cispac.direccion@usc.gal)), achegando o modelo establecido no Anexo II.

#### DUODÉCIMA. Resolución, notificación e réxime de recursos.

A Dirección do CISPAC elevará a proposta de resolución definitiva e ditará a resolución que poña fin ao procedemento. A falta de resolución e notificación no prazo sinalado dará lugar a que se entendan desestimadas as correspondentes solicitudes. A proposta de resolución contemplada na base undécima non xera dereitos a favor do beneficiario proposto mentres non se notifique a resolución de concesión. A resolución de concesión ou denegación definitiva comunicarase de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, mediante a súa publicación na páxina web do CISPAC. De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.

### DÉCIMOTERCEIRA. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a entregar unha memoria onde se reflectan as conclusións provisorias do proxecto realizado e o cumprimento dos obxectivos propostos na memoria do proxecto, como moi tarde o 20 de novembro de 2026. Así mesmo, deberase presentar unha memoria definitiva de resultados completos no ano 2027 (antes do 31 de xullo de 2027). Tamén estarán obrigadas a facer unha presentación pública de resultados nunha sesión de Seminarios do CISPAC.

Nas actuacións e resultados do proxecto concedido indicarán o financiamento do programa Xan de Forcados do CISPAC e tamén-citarán expresamente a axuda recibida en todas as publicacións derivadas ou relacionadas.

Santiago de Compostela,

Asdo.: Lourenzo Fernández Prieto

Director Científico

## ANEXO I

### 1. Réxime xeral

Convócanse un máximo de 4 axudas para a realización de proxectos de investigación no CISPAC.

O financiamento imputarase á partida orzamentaria do Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026 correspondente ao exercicio 2026. A contía máxima para cada unha destas axudas ascende a 4.000 euros.

### 2. Período de realización da axuda

A xustificación económica deberá estar realizada como data límite o 31 de outubro de 2026, e os traballos poderanse alongar até o 20 de novembro de 2026.

### 3. Contía da axuda xeral

Unha axuda xeral que terá unha contía máxima de 4.000 euros (brutos). A axuda será administrada pola Dirección do CISPAC, que atenderá aos gastos estipulados na proposta a petición do/a IP, axustándose á tipoloxía de gasto marcada na partida orzamentaria do Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026<sup>2</sup>.

### 4. Requisitos das persoas aspirantes

Ver punto cuarto das bases

---

<sup>2</sup> Custes de execución, material funxible, material inventariable, viaxes e dietas. Non serán financiábles as actividades protocolarias.

## ANEXO II

### ACEPTACIÓN DA AXUDA

Don/Dona ....., con NIF/NIE/Pasaporte. núm....., en virtude da solicitude presentada de conformidade coa Resolución da Dirección do CISPAC XX de XXXX de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas para a fomentar á investigación posdoutoral no CISPAC, publicada o 5 de maio de 2026 na páxina web do CISPAC, manifesta a **ACEPTACIÓN** da axuda proposta e das condicións establecidas na referida resolución.

En....., a....de... de 2026

Asdo.- Don/Dona